



DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

- O Departamento de Lingua Galega e Literatura ten desde hai moitos anos como un dos obxectivos didácticos básicos a promoción da lectura en galego. O plan lector que presentamos cada ano é froito de moitos cursos de traballo no fomento da lectura. Cada final de curso, no documento de avaliación final do Departamento recolleemos o número de libros que se leron obrigatoria e voluntariamente, os que funcionaron e os que non funcionaron. Retiramos do listado os avaliados negativamente polo alumnado e incorporamos outros que a nós ou ao alumnado nos parecen interesantes entre as novidades do ano.
- Por unha banda temos os **libros de lectura obrigatoria**, procuramos que sexan atractivos e válidos para a maioría, subindo un pouco a complexidade segundo aumenta a idade do alumnado. En primeiro da ESO os libros obrigatorios son lidos enteiramente na aula en voz alta polos propios alumnos guiados polo profesorado. En segundo (unha hora menos de clase) xa se le menos na aula. A partir de segundo é o alumnado quen ten que ler os libros fóra do horario escolar aínda que seguindo a guía e consello do profesorado. Todos os anos nos preguntamos en reunión de Departamento se seguimos a pór libros obrigatorios, todos os anos facemos enquisas entre o alumnado

para sabermos se prefiren ler os libros a outro tipo de deberes-actividades e todos os anos concluimos que merece a pena seguir esixindo a lectura de libros.

- O listado é cerrado na ESO e aberto a unha lista máis ampla en Bacharelato porque o alumnado xa é máis maduro e apetécelle escoller, deixarse guiar polos compañeiros, investigar pola súa conta. Procuramos mesturar nos últimos cursos os clásicos da nosa literatura con traducións, libros máis completos e complexos con libros xuvenís típicos. Así podemos contentar as diferentes sensibilidades e esixencias que xa se dan nos mozos e mozas a partir dos 15 anos.
- Por outra banda temos os **libros voluntarios**. Levamos moito tempo con este sistema e cremos que o imos perfeccionando ano a ano. Pretendemos fomentar a lectura en galego polos efectos positivos que ten para a materia: vocabulario, expresión, ortografía, amor pola literatura, cultura, etc., vense incrementados en todos aqueles alumnos que len. Por que non facer atractiva a posibilidade de subiren a nota? É certo que hai alumnos que igual suspendían se non lesen, mais por desgraza son moitos menos dos que se podía esperar. A maioría do alumnado que non se esforza nada na aula tamén é incapaz de sentarse a ler un libro e rematalo. Quen máis le son sempre os mellores alumnos, como era de agardar. Ademais esiximos un mínimo de traballo na aula para poder gozar do premio da lectura.

- O exame dos libros voluntarios é sempre oral. Fomentamos o uso oral da lingua e ademais escapamos dos resumes copiados-feitos por outro e mesmo da memorización absurda de datos do libro cara a un exame. O alumno trae o libro á aula e o profesor mira se é verdade que o leu. Logo aínda poderá o alumno mellorar a nota presentando un traballíño escrito onde reflexiona sobre a obra sen resumila.
- Xuntamos tamén o fomento da lectura co fomento de uso das Tic. Ese é o fin dos blogs abertos en coordinación coa Biblioteca para comentar as lecturas. Pensamos no futuro tamén utilizar a plataforma moodle para os comentarios de lecturas.
- Todo isto con relación á lectura de libros completos. Ademais nas aulas de Lingua galega e literatura lemos en voz alta continuamente fragmentos de prosa, poemas, escenas teatrais, textos ensaísticos que nos presentan os libros de texto utilizados. E non nos chega con isto, todos os profesores achegamos outros textos que consideramos importantes. Alumnado e profesorado están continuamente lendo algo en público nas nosas aulas. Como ten que ser!
- Ás veces, cando anos despois nos topamos con ex-alumnos que nin falaban moito o galego e igual tampouco o falan agora confésannos que seguen a ler cousas en galego porque xa teñen o hábito. Iso é o que nós procuramos, crear e acompañar o hábito da lectura no noso alumnado. Se logo ao seren maduros seguen a ler ou non xa é outro cantar, pero polo menos terán o

PROXECTO LECTOR

costume de ler e de ler en galego. Traballamos a longo prazo?
Esperamos que si, aínda que nós xa non veremos os resultados.

Velaquí o plan deste curso:

1º ESO

** Lecturas. **1.-Obrigatorias (unha por avaliación):**

1.- Contos por palabras, de Agustín Fernández Paz
2.- Intercambio cun inglés, de Christine Nöstlinger
3.- Trece anos de Branca, de Agustín Fernández Paz

2.Voluntarias:

- **Os mornias,** Lola González

- **Contos para Manuela,** Mario Pereira

- **Prohibido casar, papá,** Fina Casalderrey

- **O talismán dos druídas,** Pepe Carballude

(Na 1ª avaliación)

- **A noite que Wendy aprendeu a voar,** Andreu Martín

- **Ás de mosca para Anxo,** Fina Casalderrey

PROXECTO LECTOR

- **Amigos en tempo real**, Ramiro J. Álvarez

- **Peter Pan e a levita escarlata**, Geraldine McCaughrean

(Na 2ª avaliación)

- **A expedición do Pacífico**, Marilar Aleixandre

- **De como o santo dos croques se fai peregrino**, Pepe Carballude

- **Camiño perigoso**, Ánxela Loureiro

(Na 3ª avaliación)

- **A biblioteca do instituto é un recurso imprescindible para levar a porto este proxecto de lecturas. Fomentarase a participación do alumnado no blog da Biblioteca.**
- **Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 1 punto na avaliación correspondente (exame oral 0'5 e comentario escrito ata 0'5). A partir do 30 de maio non se admitirán exames de obras voluntarias.**

SEGUNDO CURSO DA ESO

** Lecturas.1.-Obrigatorias (unha por trimestre):

1.- Das cousas de Ramón Lamote ou Das novas cousas de Ramón Lamote, Paco Martín

2.- As flores radioactivas, de Agustín Fernández Paz

3.- O misterio das badaladas, de X. P. Docampo

2.Voluntarias:

- **O dicionario de Carola,** de Carmen Gómez Ojea
- **Sempre quente o sol,** de A. García Teijeiro
- **A miña planta de laranxa lima,** José Mauro de Vasconcelos
- **O ceo dos afogados,** Francisco Castro,

(Na 1ª avaliación)

- **Cando petan na porta pola noite,** de Xavier P. Docampo
- **Amor dos quince anos, Marilyn,** de Agustín Fernández Paz
- **Das cousas de Ramón Lamote ou Das novas cousas de Ramón Lamote,** Paco Martín (o que non se leu na 1ª)

(Na 2ª avaliación)

- **O pazo baleiro,** Xabier P. Docampo
- **Rapazas,** de Agustín Fernández Paz
- **Manual de instrucións para querer a Irene,** de Carlos Mosteiro

(Na 3ª avaliación)

PROXECTO LECTOR

- A biblioteca do instituto é un recurso imprescindible para levar a porto este proxecto de lecturas. Fomentarase a participación do alumnado no blog da Biblioteca.

OBSERVACIÓNS:

1. Faranse exames de cada obra e haberá que demostrar a lectura completa das obras.
2. Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 1 punto na avaliación correspondente (exame oral 0'5 e comentario escrito ata 0'5). A partir do 30 de maio non se admitirán exames de obras voluntarias.

TERCEIRO CURSO DA ESO:

Lerase na clase **Retrincos** de Castelao, comentando os relatos. Haberá tres obras de lectura obrigatoria para todo o alumnado como complemento ás 14 unidades anteriores e respondendo á necesidade de ler obras completas de literatura. Unha en cada trimestre:

1.-O centro do labirinto, de Agustín Fernández Paz.

PROXECTO LECTOR

2. **Leonel**, de Antón Cortizas.

3.-**Rebeldes**, de S. H. Hinton.

Atendendo ao obxectivo citado de lograr criterios persoais na selección de lecturas : **O profesorado poderá ter en conta en cada avaliación as lecturas voluntarias que efectuou o alumno, sempre que fose baixo a dirección do profesor e demostrando logo o alumno a comprensión e lectura da/a obra/s.**

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 1 punto na avaliación correspondente (exame oral 0´5 e comentario escrito ata 0´5). A partir do 30 de maio non se admitirán exames de obras voluntarias.

-**A sombra cazadora**, de Suso de Toro.

-**Helena e o solpor**, Juan Cruz Igerabide,

-**Diario dun xove maniático** A. Macfarlane e A.M..

-**Investigación 091**, de Pepe Carballude.

- **A pomba e o Degolado**, Fina Casalderrey

(Na 1ª avaliación)

-**Asústate Merche**, de Fina Casalderrey.

-**Mecanoscrito de segunda orixe**, de Manuel de Pedrolo.

-**A casa da luz**, Xavier P. Docampo

-**Guía para xoves maniáticos**, Aidan Macfarlane, Ann McPerson

- **Veleno tinto**, Ramón Carredano Cobas

(Na 2ª avaliación)

-**A chave das noces**, de Xavier P. Docampo.

-**Ariadna**, Xosé Miranda, Xerais, Fóra de xogo 61, 128 páxs.

-**Cartas de inverno**, de Agustín Fernández Paz.

-**Anxos en tempos de chuvia** de Miguel Vázquez Freire

-**O tesouro das ánimas**, Conchi Regueiro

(Na 3ª avaliación)

A biblioteca do instituto é un recurso imprescindible para levar a porto este proxecto de lecturas. Fomentarase a participación do alumnado no blog da Biblioteca.

4º CURSO DA ESO

Tomando como marco de referencia os criterios de selección de materiais curriculares que están recollidos no Proxecto Curricular e unha vez constatadas a súa pertinencia didáctica e adecuación ás características do grupo de alumnos, seleccionouse o seguinte material de traballo:

Lecturas. Partimos dos mesmos criterios que en 3º.

Haberá tres obras de lectura obrigatoria para todo o alumnado como complemento ás 14 unidades do curso e respondendo á necesidade de

PROXECTO LECTOR

ler obras completas de literatura. (distribución por avaliacións das unidades: 5-5-4)

1.- Os dous de sempre , de A.D. R. Castelao.
2.- Memorias dun neno labrego , Xosé Neira Vilas
3.- Un bosque cheo de fadas , Francisco Castro

Atendendo ao obxectivo citado de lograr criterios persoais na selección de lecturas: **O profesorado poderá ter en conta en cada avaliación as lecturas voluntarias que efectuou o alumno, sempre que fose baixo a dirección do profesor e demostrando logo o alumno a comprensión e lectura da/a obra/s.**

Cada obra de lectura voluntaria cualificarase cun máximo de 1 punto na avaliación correspondente (exame oral 0'5 e comentario escrito ata 0'5). A partir do 30 de maio non se admitirán exames de obras voluntarias.

- **Os escaravellos voan á tardiña**, María Gripe
- **Cantares Gallegos**, Rosalía de Castro.
- **Pel de lobo**, Xosé Miranda
- **A nosa cinza**, Xavier Alcalá
- **Cartas de amor**, Fran Alonso

(Na 1ª avaliación)

- **O descenso do derradeiro ocase**, Angel de la Cruz

PROXECTO LECTOR

- **Anagnórise**, M^a. Victoria Moreno.
- **Aires da miña terra**, M. Curros Enríquez
- **Á lus do candil**, de Ánxel Fole
- **Moonkid e Liberty**, Paul Kropp

(Na 2ª avaliación)

- **Camposanto**, Fátima Peón Torres
- **Poetízate**, Fran Alonso.
- **Cómplice**, Anke de Vries
- **A compañía clandestina de contrapublicidade**, Marilar Aleixandre
- **As mans do medo**, Xosé Miranda

(Na 3ª avaliación)

A biblioteca do instituto é un recurso imprescindible para levar a porto este proxecto de lecturas. Fomentarase a participación do alumnado no blog da Biblioteca.

PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO:

Son de lectura obrigatoria tres libros (un por avaliación) a escoller da seguinte lista:

- **A banda sen futuro**, Marilar Aleixandre
- **Erros e Tánatos**, Gonzalo Navaza
- **Os outros feirantes**, Álvaro Cunqueiro
- **O vixía no centeo**, J.D. Salinger, Xerais

PROXECTO LECTOR

- **Morning Star:** Xosé Miranda, 1998, Xerais
- **Dos arquivos do trasno,** Rafael Dieste
- **Galván en Saor,** Darío X. Cabana, Xerais
- **Polaroid (B120 La Voz) ou ambulancia,** Suso de Toro
- **As rulas de Bakunin,** A. Riveiro Coello.
- **Aire negro,** Agustín Fernández Paz
- **Frío, frío,** Óscar Calato
- **Eu de maior quero ser,** Rosa Aneiros
- **Tarxeta vermella,** Xosé Miranda
- **Brooklyn follies,** Paul Auster
- **A cova das vacas mortas,** Jaureguizar

O primeiro ata finais de novembro, o segundo ata finais de febreiro e o terceiro ata finais de abril.

Ademais cada libro lido voluntariamente da lista anterior puntuará ata 0´5 na avaliación correspondente. Tamén se poden ler como voluntarios: *O diario vermello de Carlota, O diario vermello de Flánagan* (Galaxia)

O último día para presentar libros voluntarios no curso é o 30 de maio.

PROXECTO LECTOR

A biblioteca do instituto é un recurso imprescindible para levar a porto este proxecto de lecturas. Fomentarase a participación do alumnado no blog da Biblioteca.

LINGUA GALEGA E LIT. DE SEGUNDO DE BACHARELATO.

Son **obligatorios dous libros a escoller entre:**

1. **O porco de pé**, Vicente Risco
2. **Sempre en Galiza** (só o 1º libro), Castelao
3. **As humanas proporcións**, Xesús Constenla
4. **O sol do verán**, Carlos Casares
5. **Merlín e familia**, Álvaro Cunqueiro
6. **A esmorga**, E. Blanco Amor
7. **O crepúsculo e as formigas**, X.L. Méndez Ferrín
8. **Conta saldada**, Suso de Toro
9. **O lapis do carpinteiro**, Manuel Rivas
10. **Ruído, relatos de guerra**, Miguel Anxo Murado
11. **Fin de século en Palestina**, Miguel Anxo Murado
12. **Os dados do reloxeiro**, Xurxo Mariño
13. **Po de estrelas**, Xurxo Mariño
14. **Casas baratas**, Antón Riveiro Coello
15. **Os ollos de K**, Antón Riveiro Coello
16. **Made in Galiza**, Séchu Sende

PROXECTO LECTOR

17. **Pepa a Loba**, Carlos G. Reigosa
18. **Reminiscencias de Bob Dylan**, Xosé Antonio Moreno
19. **Irmán do vento**, Manuel Lourenzo González
20. **Bágoas de facer illas**, Anxo Angueira
21. **O único que queda é o amor**, Agustín Fernández Paz
22. **Un libro de ensaio en galego a concertar co profesor.**

Ademais cada libro lido voluntariamente da lista anterior puntuará ata 0´5 na avaliación correspondente. O último día para presentar libros voluntarios no curso é o 29 de abril.

A biblioteca do intituto é un recurso imprescindible para levar a porto este proxecto de lecturas. Fomentárase a participación do alumnado no blog da Biblioteca.